

**EXPTE: CONTRATO DE SERVIZO DE ROZA DE VÍAS, PISTA E CAMIÑOS  
MUNICIPAIS 2024 NO CONCELLO DE TEO POR PROCEDEMENTO ABERTO  
SIMPLIFICADO. S-2/2024**

**ACTA 3º DA MESA DE CONTRATACIÓN**

No Salón de Plenos do Concello de Teo, sendo as 09:35 h. do día 03/06/2024, constitúese a mesa de contratación, para levar a cabo o exame da documentación presentada e como xustificación da baixa anormal presentada contida no sobre C “Documentación administrativa e documentación avaliable mediante fómulas”, presentado polos licitadores para adxudicación do contrato arriba referenciado, que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente: Rogelio Lema Mougán, concelleiro delegado de Desenvolvemento industrial e Economía local. (S)

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria Xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora Xeral do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal do Concello de Teo.(S)
- María López Álvarez, concelleira do grupo municipal do PXCT.

Secretaria:

Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a Secretaría Xeral do Concello.

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), constitúese a mesa e incorpórase o acto “**Justificación de oferta anormalmente baixa**”.

Comeza o acto “**Justificación de oferta anormalmente baixa**”, e dáse conta do informe de data 29/05/2024 emitido por D. Ignacio Soto González, relativo á documentación achegada para apreciara ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta. Sendo requirida a seguinte empresa en data 24/05/2024 para que xustifiquen a súa oferta de acordo co indicado no PCAP:

AGROFORESTAL NIETO S.L.

A este respecto, o informe emitido polos servizos técnicos municipais en data 29/05/2024, conclúe que:

*“Á vista da documentación presentada polas empresas*

• *AGROFORESTAL NIETO SLU*

*e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o rocedemento simplificado do contrato para a execución do servizo: roza de vías, pistas e camiños municipais no ano 2024 **este técnico entende que a empresa AGROFORESTAL NIETO SLU non xustifica a oferta de carácter desproporcionado ou anormal***

*O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.*

*Asemade as valoracións técnicas contidas neste informe teñen que ponderarse dende os presupostos técnicos constatados nos documentos que se citan como os únicos que constan no expediente que se me amosa para a súa emisión, o que supón que unha alteración ou modificación dos mesmos comportaría a invalidez das apreciacións e valoracións técnicas expresadas neste informe.”*

O contido íntegro de dito informe será publicado na PLCSP.

Entende a mesa, sobre a base do informe técnico, que procede entender NON xustificadas os valores desproporcionados ou anormais incluídos na oferta do licitador AGROFORESTAL NIETO S.L., polo que **a mesa propón a súa exclusión.**

Realízanse na plataforma as actuacións necesarias para que quede reflectida estas actuacións.

De seguido iníciase o acto **“Valoración oferta criterios evaluables automaticamente”**, aplicando a fórmula a todas as ofertas presentadas, agás ao licitador excluído, co seguinte resultado:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	30.024,64	91,59
EMDESFOR 2002 S.L.	29.295,72	93,87
HERFIGALICIA S.L.	30.886,37	89,04
JOGOSA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	30.836,37	89,18
MC MAPOCA S.L.	29.500,00	93,22
SANDRA SEOANE ABRALDES	27.500,00	100
AGROFORESTAL LOIS S.L.	30.423,07	90,39

De seguido iníciase o acto “propuesta de adjudicación”, de acordo ca avaliación e clasificación realizada, así como as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

	LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA
1	SANDRA SEOANE ABRALDES	27.500,00	100
2	EMDESFOR 2002 S.L.	29.295,72	93,87
3	MC MAPOCA S.L.	29.500,00	93,22
4	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	30.024,64	91,59
5	AGROFORESTAL LOIS S.L.	30.423,07	90,39
6	JOGOSA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	30.836,37	89,18
7	HERFIGALICIA S.L.	30.886,37	89,04

Visto o resultado dos actos anteriores, e conforme ao disposto no artigo 159.4, a mesa considera que procede propoñer como adxudicatario do SERVIZO DE ROZA DE VÍAS, PISTA E CAMIÑOS MUNICIPAIS 2024 NO CONCELLO DE TEO POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. S-2/2024, á SANDRA SEOANE

ABRALDES, con NIF.- \*\*\*4147\*\* e enderezo en LG San Andrés de Illobre-Piñeiro 6,15885, Vedra, ao tratarse da licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento.

A mesa procede a comprobar no rexistro de licitadores os puntos que recolle a cláusula 16 do PCAP.

Finalízase o acto de “propuesta de adjudicación” e realízanse os trámites que establece a Plataforma a fin de que quede reflectida a información que se desprende da proposta.

Á vista do anterior e de acordo co indicado no artigo 159.4f), **a mesa por unanimidade ACORDA:**

**Primeiro**.- Entender NON xustificadas os valores desproporcionados ou anormais incluídos na oferta do licitador AGROFORESTAL NIETO S.L., e **propoñer ao órgano de contratación a súa exclusión.**

**Segundo**.-. Avaliar e clasificar ás empresas, outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

	<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</b>
1	SANDRA SEOANE ABRALDES	27.500,00	100
2	EMDESFOR 2002 S.L.	29.295,72	93,87
3	MC MAPOCA S.L.	29.500,00	93,22
4	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	30.024,64	91,59
5	AGROFORESTAL LOIS S.L.	30.423,07	90,39
6	JOGOSA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	30.836,37	89,18
7	HERFIGALICIA S.L.	30.886,37	89,04

**Terceiro.-** Formular proposta de adxudicación do SERVIZO DE ROZA DE VÍAS, PISTA E CAMIÑOS MUNICIPAIS 2024 NO CONCELLO DE TEO POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. S-2/2024, á SANDRA SEOANE ABRALDES, con NIF.- \*\*\*4147\*\* e enderezo en LG San Andrés de Illobre-Piñeiro 6,15885, Vedra, ao tratarse da licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento, e cuxa oferta é a seguinte:

Oferta económica: 27.500,00 € + 5.775,00 € = 33.275,00 €

**Cuarto.-** Requirir ao licitador SANDRA SEOANE ABRALDES, de conformidade coa cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares e de conformidade co artigo 159.4.f) 4º, para que no prazo de 7 días hábiles presente a documentación indicada na citada cláusula.

Sendo as 10:00 horas dáse por finalizada a sesión, estendéndose a presente acta que asina a secretaria da mesa co visto e prace do Sr. Presidente.

O presidente  
Rogelio Iema Mougán

A secretaria da mesa  
M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández.